



ECO-IDEAS ADEGA

Consellos e ideas educativas para pasar na casa a corentena da Covid-19



FAI ENGRUDO OU COLA CASEIRA DE PAPEL

A receita

Poñer a auga a quentar e reservar unha pouca para mesturar coa fariña en frío. Unha vez está quente a auga e disolta a fariña, mesturar e remexer todo o tempo mentres vai espesando.

Cando espese separamos a mestura do lume e coámola para desfacer os gargallotos. Se queres que o engrudo quede máis translúcido podes botarlle o azucre unha vez que apagues o lume.

Así que arrefría podes botalo nun bote de vidro para conservalo, aguanta unha semana na neveira.

Usos

Pódese empregar para pegar papel, ou facer manualidades con papel, como por exemplo o papel maché.

OBXECTIVOS:

Fabricar engrudo ou cola caseira para pegar papel

INGREDIENTES:

1 cunca de auga
1 culler de fariña
1 culler de azucre (opcional)

MATERIAIS:

Cazo
Culler de madeira
Bote de vidro para conservar

RECURSOS:

<https://youtu.be/pEa5ODHuCME>